

De acordo coa Base 4ª., faise público dito proceso selectivo mediante anuncio no BOP de Lugo e á publicación íntegra das bases na sede electrónica (apastoriza.sedelectronica.gal) e no Taboleiro de anuncios do Concello da Pastoriza.

Aqueles aspirantes que desexen participar no devandito proceso de selección, disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A Pastoriza, 16 de maio de 2018.- A Tenente de Alcalde, Elva Carreira González.

R. 1514

Anuncio

CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO

Por Decreto da Tenencia de Alcaldía do Concello da Pastoriza, de data 11 de maio de 2018, aprobaronse as bases do proceso de selección para a contratación de catro (4) peóns para servizo de limpeza, conservación e mantemento de camiños municipais no Concello da Pastoriza.

De acordo coa Base 6ª., faise público dito proceso selectivo mediante anuncio no BOP de Lugo e á publicación íntegra das bases na sede electrónica (apastoriza.sedelectronica.gal) e no Taboleiro de anuncios do Concello da Pastoriza.

Aqueles aspirantes que desexen participar no devandito proceso de selección, disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A Pastoriza, 16 de maio de 2018.- A Tenente de Alcalde, Elva Carreira González.

R. 1515

Anuncio

CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO

Por Decreto da Tenencia de Alcaldía do Concello da Pastoriza, de data 11 de maio de 2018, aprobaronse as bases do proceso de selección para a contratación de tres (3) Condutores para vehículo Motobomba, da brigada de prevención e defensa dos incendios forestais do Concello da Pastoriza.

De acordo coa Base 5ª.5.1 faise público dito proceso selectivo mediante anuncio no BOP de Lugo e á publicación íntegra das bases na sede electrónica (apastoriza.sedelectronica.gal) e no Taboleiro de anuncios do Concello da Pastoriza.

Aqueles aspirantes que desexen participar no devandito proceso de selección, disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A Pastoriza, 16 de maio de 2018.- A Tenente de Alcalde, Elva Carreira González.

R. 1516

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL I1 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Ribadeo do día 27/03/2018 de modificación da ORDENANZA FISCAL I1 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES

O texto íntegro da devandita modificación faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ORDENANZA FISCAL II REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**Artigo 2º. Tipo de gravame.**

- 1. O tipo de gravame do Imposto para os bens de natureza urbana fíxase no 0,57 por 100.**
- 2. O tipo de gravame do Imposto para os bens de natureza rústica fíxase no 0,54 por 100.**
- 3. O tipo de gravame do Imposto para os bens de características especiais fíxase no 0,73 por 100**

Disposición transitoria única. Aplicación de tipos impositivos.

O tipo de gravame a que se refire o artigo 2.1 da presente Ordenanza, 0,57 por 100, aplicarase dende do 1 de xaneiro de 2019 ata 31 de decembro de 2019 aos bens inmobles de natureza urbana.

A partir do 1 de xaneiro de 2020, o tipo de gravame aplicable aos bens inmobles de natureza urbana será 0,62 por 100”

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesado recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ribadeo, a 29 de maio de 2018.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 1474

Anuncio**APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA**

ORDENANZA PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS E A SALVAGARDA DAS CONDICIÓNS DE LIMPEZA, ORNATO, SALUBRIDADE E SEGURIDADE DOS TERREOS POLA QUE SE REGULAN AS PLANTACIÓNS ARBÓREAS, AS OBRIGAS DE XESTIÓN DE BIOMASA E OS USOS DO LUME NO SOLO URBANO, DE NÚCLEO RURAL E URBANIZABLE DO CONCELLO DE RIBADEO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Todos somos coñecedores da grave ameaza que representan os incendios forestais, non só para a riqueza ambiental e paisaxística do monte ou para as actividades agroforestais, as nosas vidas e posesións máis prezadas poden correr serio perigo neste tipo de catástrofes ás que resulta moi difícil facerlles fronte, feito polo cal, compre tomar todas as medidas preventivas que estean ao noso alcance máis que actuar unha vez producido o desastre.

Neste ámbito, a Xunta de Galicia conta coa Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, da que se derivan responsabilidades tanto para Administracións Públicas como para particulares que de ningún xeito se poden eludir.

Así, no artigo 16 da citada Lei de Incendios de Galicia, que regula os plans municipais de prevención e defensa contra incendios forestais, dispónse que estes “Poderán incluír ordenanzas de prevención e defensa concordantes co obxecto desta lei en solo urbano, de núcleo rural e urbanizable situado a menos de 400 metros do monte”.

Do mesmo xeito, a Lei 3/2007, recolle no seu artigo 7, con carácter xeral, as competencias conferidas ás entidades locais, entre elas a de “Ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios, ..., e de xeito máis concreto a ordenación e execución subsidiaria da xestión da biomasa nos termos dos artigos 21, 22 e 23 desta lei, contando para iso coa colaboración técnica e/ou económica da Xunta de Galicia nos termos previstos no artigo 59 desta lei, ...” (apartado d).

No ámbito da xestión de biomasa, e tras regular no artigo 21 as obrigas de xestión de biomasa nas redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, -isto é, arredor de solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como arredor de edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte, ademais de arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte-, o artigo 21 ter.2 desta lei dispón: “En solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, aplicaranse subsidiariamente os criterios establecidos nos artigos 20 bis, 21, 21 ter, 22 e 23, agás aprobación específica de ordenanza municipal ou na falta dela, que poderá elaborarse de conformidade co artigo 16 desta lei”.

Na mesma liña, no que se refire á competencia sancionadora, o artigo 54.3 prevé o seguinte: “3. A incoación do procedemento sancionador en aplicación desta lei, por ausencia de ordenanzas municipais ao respecto, para as infraccións cometidas en terreos urbanos, de núcleo rural e urbanizable, será competencia do respectivo Concello. A resolución dos expedientes pola comisión de infraccións leves, graves ou moi graves corresponderalle á persoa titular da alcaldía, de conformidade co establecido no número 3 do artigo 21 ter”.

Polo exposto, no caso de infraccións previstas na citada Lei e cuxa comisión se produza en terreos de solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, os Concellos teñen actualmente atribuída a competencia sancionadora.

Cando se trata de obrigas relativas á xestión da biomasa, o Concello pode regular aquelas nunha ordenanza municipal, ou, no caso de non ter dita regulación esixir as mesmas obrigas que as establecidas nesta Lei 3/2007 nas redes secundarias de faixas de xestión de biomasa.

Porén, existen outras moitas condutas infractoras tipificadas na Lei 3/2007 cuxo ámbito de aplicación só inclúe terreos forestais e zonas de influencia forestal.

A Lei 7/2012, de montes de Galicia, no seu artigo 2.2, exclúe expresamente da “consideración de monte ou terreo forestal” o solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable, e así mesmo a Lei 3/2007, no seu artigo 2.13, define as “zonas de influencia forestal” como “as áreas estremeiras que abranguen unha franxa circundante dos terreos forestais cunha largura de 400 metros, excluindo o solo urbano, de núcleo rural e urbanizable”.

Deste xeito todas as limitacións ou prohibicións relativas ao uso do lume reguladas no Título V da Lei 3/2007 non son aplicables a este tipo de solo, -excluídos da consideración de terreo forestal ou zona de influencia forestal-, dando lugar a un baleiro legal que obriga aos Concellos á aprobación de ordenanzas municipais que cubran aquel e establezan neles as oportunas medidas preventivas.

Por todo o exposto, en base ás competencias previstas na lexislación en materia de réxime local, en concreto nos artigos 80.2º.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, en relación co previsto na Lei 7/2012, de montes de Galicia, e á habilitación normativa prevista no artigo 16.2 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e en exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ao Concello de Ribadeo na súa calidade de administración territorial polos artigos 4, 70.2 e concordantes da citada LBRL, establécese unha ordenanza para a prevención de incendios forestais e a salvagarda das condicións de limpeza, ornato, salubridade e seguridade dos terreos pola que se regulan as plantacións arbóreas, as obrigas de xestión de biomasa e os usos do lume.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1º.- Obxecto e ámbito de aplicación

1. Esta ordenanza ten por obxecto o establecemento de medidas preventivas contra incendios forestais e a salvagarda das condicións de limpeza, ornato, salubridade e seguridade adecuadas nos predios a través da regulación das plantacións arbóreas, do estado da biomasa vexetal e os usos do lume en terreos situados en solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.

2. A presente Ordenanza é de obrigado cumprimento para as persoas responsables conforme ao definido no Artigo 3, que teñan o seus terreos dentro do termo municipal de Ribadeo

3. Conforme o disposto no artigo 4.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, a presente Ordenanza será de aplicación en todo o non previsto pola lexislación básica.

Artigo 2º.- Fundamento

A presente Ordenanza é de aplicación no marco do disposto na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e tamén na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Artigo 3º.- Persoas responsables

A efectos desta Ordenanza, entenderase como persoas responsables ás persoas titulares ou no seu caso aos titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos urbanos, de núcleo rural e urbanizables, así como as administracións, as entidades ou as sociedades que teñan encomendada a competencia sobre a xestión, ou cedida esta en virtude dalgunha das formas previstas legalmente, das vías de comunicación e das liñas de transporte de enerxía eléctrica, sobre os tipos de solo referidos anteriormente.

CAPÍTULO II

Plantacións arbóreas e xestión da biomasa vexetal

Artigo 4º.- Especies prohibidas e permitidas. Distancias.

1. De acordo coa Lei de Montes de Galicia, queda prohibida a repoboación forestal (sementa ou plantación) en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable. Neste mesmo territorio non poderán existir masas forestais de ningún tipo. En todo caso, poderán conservarse especies forestais no caso de tratarse de árbores singulares, ou aqueles que cumpran funcións ornamentais ou se encontren illados, sempre e cando non supoñan un risco para a propagación de incendios forestais.

2. Dentro das categorías de solo anteriormente citadas permitirase a plantación das seguintes especies:

Castaño: *Castanea sativa Mill.*

Castaño híbrido: *Castanea x híbrida* (resistente tinta)

Cerdeira: *Prunus aviun* L.

Nogueira: *Juglans regia* L.

Abeleira: *Corylus avellana* L.

Froiteiras.

Ornamentais.

3. Nas plantacións de castaño, castaño híbrido, cerdeira, nogueira e abeleira en solo urbano, de núcleo rural e urbanizable deberá respectarse un marco de plantación de cando menos 7 metros entre cada pé, gardando as seguintes distancias:

- 4 metros respecto ao límite das parcelas colindantes e co dominio público de vías de comunicación (autopistas, autovías, corredores, vías rápidas, estradas convencionais, camiños, ferrocarril...).
- 5 metros dende a proxección do condutor máis externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica.
- 5 metros con canles fluviais de máis de 2 metros de ancho.
- 15 metros respecto a edificacións, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais.
- 25 metros con cámpings, gasoleiras e industrias ou instalacións preexistentes nas que se desenvolvan actividades perigosas con arranxo ao establecido na Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na súa normativa de desenvolvemento.

4. Nas plantacións de froiteiras e ornamentais estarase ao disposto no Código Civil.

5. As distancias no caso de edificacións mediranse desde o seu paramento.

6. Non se terán en conta as edificacións dedicadas á garda de apeiros agrícolas ou forestais, así como as restantes edificacións e instalacións menores.

Artigo 5º.- Licenzas e permisos para talas

As talas e os abatementos de árbores que constituían masa arbórea, espazo boscoso, arboredo ou parque en solo urbano, núcleo rural e urbanizable estarán suxeitas á obtención da previa licenza municipal por parte deste Concello.

Artigo 6º.- Xestión da biomasa vexetal.

As persoas responsables terán a obriga de xestionar a biomasa, incluída, no seu caso, a retirada de especies arbóreas prohibidas, das fincas incluídas en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable conforme aos criterios establecidos nesta Ordenanza, así como mantelas nas debidas condicións de limpeza, ornato, salubridade e seguridade, debendo proceder a súa desinfección e desratización periódica.

Artigo 7º.- Criterios de Xestión da Biomasa

1. A data límite para que as persoas responsables dos terreos localizados en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable acometan a xestión da biomasa de acordo co establecido neste artigo será a marcada pola Lei de Incendios de Galicia vixente para a xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas de xestión de biomasa. Pese a isto, as parcelas deberán manterse en adecuado estado de limpeza, ornato, salubridade e seguridade ao longo de todo o ano.

2. Nos terreos clasificados como solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable, as persoas responsables deberán facer a xestión da biomasa na totalidade da parcela conforme aos seguintes criterios:

a) Roza para a eliminación do estrato herbáceo e arbustivo sempre que supoña un mínimo risco para a propagación dos incendios incontrolados de vexetación.

b) A altura máxima da vexetación de crecemento espontáneo, arbustiva e herbácea é a seguinte, en función da porcentaxe de cobertura do solo:

% do solo arbóreo cuberto	< 20	a) a 50	> 50
Altura máxima da vexetación (cm)	100	40	20

Dita altura non será de aplicación aos cultivos agrícolas e praderías que sexan obxecto, a lo menos, dunha colleita anual.

- b) Con carácter especial, no solo obxecto de regulación da presente ordenanza non poderá haber as seguintes especies:

ESPECIE	NOME COMÚN GALEGO
Pinus pinaster	piñeiro galego
	piñeiro do país
Pinus sylvestris	piñeiro silvestre
Pinus radiata	piñeiro de Monterrey
Pseudotsuga menziesii	piñeiro de Oregón
Acacia dealbata	mimosa
Acacia melanoxylum	acacia negra
Eucalyptus spp	eucalipto
Calluna vulgaris	queiruga
Chamaespartium tridentatum	carqueixa
Cytisus spp	xesta
Erica spp	uz, carpaza
Genista spp	xesta, piorno
Pteridium aquilinum	fento
Rubus spp	silva
Ulex europaeus	toxó

En todo caso, poderán conservarse especies das anteriores no caso de tratarse de árbores singulares, ou aqueles que cumpran funcións ornamentais ou se encontren illados, sempre e cando non supoñan un risco para a propagación de incendios forestais.

d) Poda e rareo do estrato arbóreo de forma que se manteña unha descontinuidade horizontal entre as copas das árbores e vertical entre estas e os estratos herbáceo e arbustivo. Este criterio non será aplicable en parques e xardíns municipais.

e) A poda debe ser do 35% da altura da árbore ata que esta atinxa os 11,4 metros, altura a partir da cal a poda debe alcanzar o mínimo de 4 metros por riba do solo.

f) As copas das árbores e dos arbustos deberán estar distanciadas un mínimo de 10 metros das edificacións e nunca se poderán proxectar sobre o seu tellado.

g) As persoas titulares dos predios nos que existan plantacións arbóreas deberán evitar que as súas pólas se estendan sobre os predios confinantes.

h) Estarase obrigado á retirada das especies exóticas invasoras existentes.

i) Os sebes compostos de especies arbustivas non poderán superar os 2,5 metros de altura e non poderán invadir os predios confinantes.

3. Nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa no plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais, estarase ao disposto na lei de incendios de Galicia vixente.

4. Mentres non se definan as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa no plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais, serán directamente aplicables as obrigas derivadas do disposto na lei de incendios de Galicia vixente.

Artigo 8º.- Obrigas e limitacións de parcelas e inmobles estremeiros coa vía pública.

No caso de parcelas e inmobles estremeiros coa vía pública estarase ao disposto na Ordenanza Reguladora do Uso e Aproveitamento Especial de Vías Públicas e Espazos de Titularidade Municipal.

Artigo 9º.- Execución subsidiaria.

1. Se as persoas responsables non realizasen os traballos de xestión da biomasa nos prazos fixados polo Concello e/ou a retirada de especies arbóreas prohibidas, este poderá levar adiante os mesmos, logo do previo apercibimento en forma e sen prexuízo da imposición, previo a tramitación do oportuno expediente, das sancións procedentes.

2. Os custos derivados deses traballos serán repercutidos, se é o caso, as persoas responsables, procedendo, de ser o caso, ao cobro dos gastos que se ocasionen ao Concello a través do procedemento de apremio.

CAPÍTULO III

Usos do lume

Artigo 10º.- Queimas

1. Como medida preventiva, prohíbese o uso do lume en terreos situados en solo urbano, de núcleo rural e solo urbanizable, agás para as actividades e condicións e períodos autorizados polo concello.
2. En todo caso estará prohibida a queima de restos forestais nesta clase de solo.
3. Poderanse queimar restos vexetais procedentes de hortas e xardíns en solo urbano, de núcleo rural e solo urbanizable, cos debidos coidados, debendo ser comunicado previamente ao Concello de Ribadeo a través do Anexo I da presente Ordenanza.
4. O Concello de Ribadeo poderá queimar os restos vexetais procedentes de traballos propios de xardinería.
5. En todo caso, queda prohibida calquera tipo de queima en época declarada de perigo alto de incendio e, fóra desta época, cando o índice de risco diario de incendio sexa alto, moi alto ou extremo.

Artigo 11º.- Coidados mínimos á hora de facer uso do lume.

Á hora de facer uso do lume en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable deberá, cando menos, respectarse as seguintes medidas preventivas:

- A queima non se iniciará antes de saír o sol e quedará totalmente extinguida dúas horas antes do momento da súa posta.
- Previamente ao seu inicio, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos cinco metros de largo, rodeando o perímetro que se vai queimar.
- Non poderá iniciarse ningunha queima cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente nos días de vento. Así mesmo, se iniciados os traballos se producise a aparición de vento, suspenderase inmediatamente a operación procedendo a apagar o lume.
- Non se abandonará a vixilancia da zona queimada, ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen dúas horas sen que se observen lapas ou brasas.
- O Concello de Ribadeo poderá suspender temporalmente as comunicacións de queima, se as condicións meteorolóxicas así o aconsellan.
- A comunicación de queima non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos e perdas a que houbera lugar no caso de producirse un incendio forestal ou calquera outro tipo de afección negativa polo uso do lume cando concorra negligencia ou imprudencia.

Artigo 12º.- Uso do lume en festas locais ou de arraigada tradición popular.

1. O uso do lume nas festas locais ou de arraigada tradición popular dentro de solo urbano, de núcleo rural e urbanizable requirirá autorización previa do Concello, na cal figurarán, en todo caso, as medidas de seguridade e prevención de incendios forestais.
2. No resto de territorio estarase ao disposto polo órgano forestal competente.

Artigo 13º.- Equipamentos para a preparación de alimentos en áreas recreativas.

1. Nas áreas recreativas situadas en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable queda prohibida a utilización dos equipamentos de queima destinados á elaboración de alimentos cando o índice de risco diario de incendio sexa extremo.
2. No resto de territorio estarase ao disposto polo órgano forestal competente.

Artigo 14º.- Foguetes e outras formas do lume.

1. Nos terreos obxecto de aplicación desta ordenanza, e durante a época de perigo alto de incendio, os artefactos que leven aparelado o uso do lume, así como a utilización de fogos de artificio, o lanzamento de globos e doutros artefactos pirotécnicos, que en todos os casos estean relacionados coa celebración de festas locais ou de arraigada tradición cultural, están suxeitos á autorización previa do Concello, que incluírá as medidas específicas de seguridade e prevención axeitadas.

No caso de que o índice de risco diario de incendio forestal sexa extremo, o Concello non poderá autorizar a utilización de artefactos que leven aparelado o uso do lume, fogos de artificio, globos e artefactos pirotécnicos. Nos casos de que o índice de risco diario de incendio forestal sexa extremo o día da celebración, entenderanse revogadas as autorizacións emitidas con anterioridade.

A autorización outorgada non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso de que concorra negligencia ou imprudencia.

2. Durante a época de perigo alto e, fóra desta, cando o índice de risco diario de incendio sexa alto, moi alto ou extremo as accións de fumigación ou desinfección en panais de abellas dentro de solo urbano, de núcleo rural

ou urbanizable non están permitidas, agás o caso de que os fumigadores estiveran equipados con dispositivos de retención de chispas.

3. No resto de territorio estarase ao disposto polo órgano forestal competente.

Artigo 15º.- Uso de maquinaria.

1. Nos terreos obxecto de aplicación desta ordenanza e durante a época de perigo alto é obrigatorio:

a) Que todo tipo de tractores, máquinas e vehículos de transporte pesados que se utilicen para traballos agrícolas ou forestais sexan dotados de dispositivos de retención de chispas e de dispositivos antilapas nos tubos de escape, así como de equipamento de extinción de incendios.

b) Que o uso doutra maquinaria non forestal nin agrícola con ferramentas que poidan producir chispas ou soldaduras de calquera tipo se faga cos debidos coidados e precaucións.

2. No resto de territorio estarase ao disposto polo órgano forestal competente.

Artigo 16º.- Procedemento para o outorgamento de autorizacións.

A solicitude das autorizacións previstas neste capítulo deberán presentarse ante o Concello con un mínimo de 15 días de antelación ao que se pretenda facer a actividade á que se refira aquela. A falta de resolución no prazo de dez días entenderase como desestimación da solicitude.

CAPÍTULO IV

Réxime sancionador

Artigo 17º.- Infraccións

1. Os incumprimentos do disposto nesta ordenanza serán sancionados de acordo co disposto neste capítulo.

2.- Constitúen infraccións administrativas:

a) Levar a cabo plantacións arbóreas prohibidas ou incumprir as condicións impostas para as permitidas.

b) O incumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal.

c) O incumprimento dos requisitos ou condicións no uso do lume.

Artigo 18º.- Cualificacións das infraccións

As infraccións tipificadas no artigo anterior cualifícanse como moi graves, graves e leves consonte ao disposto no Título XI da Lei 7/1985, do 9 de abril, de bases de réxime local:

a) Infraccións moi graves:

i. As condutas constitutivas de infracción con resultado de incendio cando afecten unha superficie superior a 25 hectáreas arboradas ou máis de 50 hectáreas de matogueira ou matogueira mesturada con arborada.

ii. As condutas constitutivas de infracción con resultado de incendio cando afecten a edificacións, vivendas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineiras e parques ou instalacións industriais.

iii. A realización, en época de perigo alto de incendio forestal, de queimas ou calquera outra actividade que implique o uso do lume sen autorización, cando o índice de risco diario de incendio forestal sexa extremo.

iv. A comisión dunha terceira infracción de carácter grave no prazo de dous anos, sempre que, respecto ás dúas anteriores, a resolución sancionadora fora firme na vía administrativa. O prazo comezará a contar dende o día no que a primeira resolución sexa firme.

b) Infraccións graves:

i. As condutas constitutivas de infracción con resultado de incendio cando afecten superficies de 1 a 25 hectáreas arboradas, de 2 a 50 hectáreas de matogueira ou matogueira mesturada con arborada ou máis de 100 hectáreas de terreos dedicados a pasto.

ii. A realización, en época de perigo alto de incendio forestal, de queimas ou calquera outra actividade que implique o uso do lume sen autorización, cando o índice de risco diario de incendio forestal sexa moi alto.

iii. A comisión dunha terceira infracción de carácter leve no prazo de dous anos, sempre que, respecto ás dúas anteriores, a resolución sancionadora fora firme na vía administrativa. O prazo comezará a contar dende o día no que a primeira resolución sexa firme.

c) Infraccións leves:

As condutas constitutivas de infracción cando non deban cualificarse como graves ou moi graves.

Artigo 19º.- Sancións

As infraccións tipificadas en este capítulo serán sancionadas coas seguintes multas:

- a) As infraccións leves, con multa de ata 750 euros.
- b) As infraccións graves, con multa de 751 a 1.500 euros.
- c) As infraccións moi graves, con multa de 1.501 a 3.000.

Artigo 20º.- Multas coercitivas e execución subsidiaria

1. Se os infractores non proceden á reparación ou adaptación da situación ao establecido nesta norma, e logo de transcorrido o prazo sinalado no requirimento correspondente, a administración instrutora poderá acordar a imposición de multas coercitivas ou a execución forzosa.

2. As multas coercitivas serán reiteradas por lapsos de tempo que sexan suficientes para cumprir o ordenado, e a contía de cada unha das ditas multas será de entre 300 a 3.000 euros.

3. A execución forzosa ordenada será á custa do infractor.

Artigo 21º.- Procedemento sancionador

No que non veña regulado pola presente ordenanza no relativo á tramitación dos procedementos previstos será de aplicación o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición final

A presente ordenanza, de acordo co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, entrará en vigor e comezará a aplicarse aos quince días hábiles contados desde o seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

O presente acto pon fin á vía administrativa e contra este, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa poderá interpoñerse recurso Contencioso-Administrativo ante a Sala do TSX de Galicia no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da publicación. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

En Ribadeo, a 25 de maio de 2018.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA

ANEXO I.- MODELO DE COMUNICACIÓN DE QUEIMA DE RESTOS VEXETAIS EN SOLO URBANO, DE NUCLEO RURAL OU URBANIZABLE

Nome e apelidos.....
DNI.....
Teléfono.....
Enderezo.....
Correo electrónico.....

Por medio do presente, cumprindo co disposto na ORDENANZA PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS E A SALVAGARDA DAS CONDICIÓNS DE LIMPEZA, ORNATO, SALUBRIDADE E SEGURIDADE DOS TERREOS POLA QUE SE REGULAN AS PLANTACIÓNS ARBÓREAS, AS OBRIGAS DE XESTIÓN DE BIOMASA E OS USOS DO LUME NO CONCELLO DE RIBADEO, comunícase a seguinte queima de restos vexetais procedentes de xardín e/ou horta:

Lugar.....

- Solo urbano
- Solo de núcleo rural
- Solo urbanizable

Datas.....

Declaro que coñezo as obrigas estipuladas na citada ordenanza á hora de realizala queima que se comunica por medio do presente e me comprometo a cumprilas.

En Ribadeo, a de de 20.....

Sinatura:

Ribadeo, 25 de maio de 2018.- O Alcalde, Fernando Suarez Barcia.

R. 1475

RIOTORTO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria celebrada o día 22 de maio de 2018, prestou aprobación o Padrón da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación destes correspondente ao primeiro semestre de 2018, no medio rural.

Así mesmo, acordouse expoñer o público o citado Padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte o da inserción deste edicto no B.O.P., no taboleiro de anuncios deste Concello e nos lugares de costume, o obxecto de exame e reclamacións. De non se producir reclamacións durante a exposición pública, a aprobación inicial entenderase elevada a definitiva.

O período de cobramento en vía voluntaria será dende o 20 de Xuño ó 20 de Xullo nas oficinas municipais de 10 a 14 horas.

Transcorrido o prazo sinalado, todos os contribuíntes que non satisfixesen os seus débitos quedarán incursos na recarga e costas de procedemento establecidos no Regulamento Xeral de Recadación.

Riotorto, 28 de Maio 2018.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 1488

Anuncio

Vistos pola Xunta de Goberno Local os padróns da taxa de suministro de auga domiciliaria no que se inclúe o canon de auga e da taxa de recollida de residuos sólidos urbanos correspondentes ao primeiro cuatrimestre de 2018, acordase por unanimidade e en votación ordinaria a súa aprobación así como a súa exposición pública polo prazo de 15 días hábiles contados dende o día seguinte a publicación do edicto no BOP. De non producirse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

Contra o acordo de aprobacións dos padróns poderá interpoñerse recursos de reposición no prazo dun mes contado dende o día inmediato seguinte o do término do período de exposición pública dos padróns e ante esta Xunta de Goberno Local.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso Contencioso-Administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezcan na Lei reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Para o cobro dos mesmos os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas e fixase como período de cobro voluntario o comprendido entre o 01 de Xuño e o 02 de Xullo de 2018.

Finalizado o período de cobro voluntario, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de Decembro da Facenda Pública e Lei Xeral Tributaria.

No tocante o canon de auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación do edicto de exposición pública dos padróns e o anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva o amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Riotorto, 28 de Maio de 2018.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 1489
